

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 04 DE MAIO DO 2023.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Catro de Maio do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 27/04/2023

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202304/305

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/04/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "ESCOLA DE DEPORTES NAUTICOS DE AGUIÑO""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202304/333

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 26/04/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO), MANTEMENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTEIS PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2023”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202304/398

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/04/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ESCOLA DE DEPORTES NÁUTICOS DE AGUIÑO”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202304/399

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/04/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO “OBRA DE PASO SOBRE RÍO LISTRES PARA CONTINUIDADE DE RÚA EN CASTIÑEIRAS – RIBEIRA””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202304/404

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/04/2023. DECRETO: “RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP”

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 27/04/2023 (Registro de entrada nº 10.553), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (patacas), o día 20 de maio de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante (patacas), o día 20 de maio de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231087065
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/05/2023		Fecha: 05/05/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/05/2023		Hora: 12:20
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2023 12:20:18		



8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 02/05/2023 (Registro de entrada nº 10.766), no que solicita autorización para a instalación dun posto (4,00 m. x 5,00 m.) de venda ambulante (mojitos e rosquillas), os días 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24/07/2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira) xunto á xoiería Nespereira, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto (4,00 m. x 5,00 m.) de venda ambulante (mojitos e rosquillas), os días 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24/07/2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira) xunto á xoiería Nespereira, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE.

FINALIDADE DA ACTIVIDADE: Oficinas para albergar a sede da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC), (epígrafe IAE 989.2, servizos de organización de congresos, asembleas e similares).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación do PLAN PARCIAL ABESADAS - B.

REFª CATASTRAL: 0415905NH0101N0034LG.

SITUACIÓN: Rúa Campoamor, nº 6, esquina Rúa Estatuto, local 2, Abesadas, Ribeira.

PROMOTOR/A: ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, (CIF G-28197564).

DOCUMENTACIÓN COMUNICACIÓN PREVIA: Memoria para a implantación dunha actividade administrativa, oficinas en local adaptado sin uso específico en réxime de comunicación previa sin obras destinado a albergar a SEDE DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC) de febrero de 2023, redactado polo Sr. Javier López Cabana e Sr. José Manuel Bello Castro (col. 1.582 e 2.378 respectivamente).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a comunicación previa presentada pola ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, (CIF G-28197564), para inicio de actividade de local de oficinas para albergar a sede ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, (epígrafe IAE 989.2), en instalacións sita na Rúa Campoamor, nº 6, esquina Rúa Estatuto, local 2, Abesadas, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0415905NH0101N0034LG, achegándose Memoria para a



implantación dunha actividade administrativa, oficinas en local adaptado sin uso específico en réxime de comunicación previa sin obras destinado a albergar a SEDE DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC) de febrero de 2023, redactado polo Sr. Javier López Cabana e Sr. José Manuel Bello Castro (col. 1.582 e 2.378 respectivamente).

SEGUNDO.- Vista a acta de comprobación tras realizar a pertinente visita de inspección favorable emitida polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación o día 2 de maio de 2023.

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación tras realizar a pertinente visita de inspección favorable emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga para o inicio da actividade con sinatura de día 2 de maio de 2023.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/05/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, para as oficinas sitas en instalacións na Rúa Campoamor, nº 6 - esquina Rúa Estatuto, local 2, Abesadas, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0415905NH0101N0034LG, que albergan a sede da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC), (epígrafe IAE 989.2).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231087065
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/05/2023	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/05/2023	Fecha: 05/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2023 12:20:18		Hora: 12:20



CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

10.- LICENZA MUNICIPAL PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: -RÚA DO PRADO, Nº 14, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ RAMÓN SILVEIRA RODRIGUEZ.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, na **rúa do Prado, nº 14, Corrubedo (Ribeira)** da que é promotor **JOSÉ RAMÓN SILVEIRA RODRIGUEZ**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **10 de abril de 2023**, o informe emitido polo arquitecto municipal o día **17 de abril de 2023** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar e valoración sobre a execución material, o informe do **técnico de administración xeral** de data **18 de abril de 2023** e do **secretario xeral da Corporación** de data **19 de abril de 2023**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. José Ramón Silveira Rodríguez LICENZA DE OBRAS (Nº 22/23)** para **REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA EXISTENTE** sita na Rúa do Prado nº 14, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3936611MH9133N0001GJ, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos o día 28 de novembro de 2022, Proxecto Básico e de Execución modificado I visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial:

*-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 379,84 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe do arquitecto municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos*



Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederese con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Francisco Mallo Mariño

Vistos os escritos presentados por **José Francisco Mallo Mariño**, de datas 21/03/2023 e 28/04/2023 (Rexistros de entrada nº 7.174 e 10.652), nos que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0912502NH0101S0001SX sita na Rúa Cervantes nº 29, 1º, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/04/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0912502NH0101S0001SX sita na Rúa Cervantes nº 29, 1º, Ribeira.



12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Centro de Asesoría Hipotecaria, S.L.

Visto o escrito presentado por Xavier Aguirre Carceles en representación de **Centro de Asesoría Hipotecaria, S.L.**, de data 02/12/2022 (Registro de entrada nº 23.237), no que solicita información urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 8377607MH9087N0001AI sita na Rúa Trasporto, Aguiño.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 25/04/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 8377607MH9087N0001AI que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR COLECTIVA en HILERA (Art. 156)**, con las siguientes determinaciones:

Que la parcela objeto de informe está afectada por la clasificación de acuerdo con la siguiente Ordenanza:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificadas.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela



Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

2604 31.01.2023 BORJA FRANCISCO MARIÑO PAMPIN, para vivienda situada en Martín, Paramos, Ribeira.



3912 13.02.2023 MARIA SOLEDAD RIESGO VEIGA, para vivienda situada en rúa Punta da Barca, Aguiño.

14.- ACORDO EN RELACIÓN CON REQUIRIMENTO DE CONEXIÓN Á REDE DE SANEAMENTO

EXPTE.: 2022AUGA000038

VISTO o escrito presentado por María Soledad Pérez-Abadín Barro, de data 10 de agosto de 2022 (entrada núm. 15.067), mediante o que pon en coñecemento do Concello, entre outros asuntos, as deficiencias no servizo de saneamento existente no edificio Illas Atlánticas, núm. 14, Insuela, Palmeira, do que é titular dunha vivenda no portal D, 1º D.

VISTO o escrito remitido polo Concello á empresa empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 4 de outubro de 2022 (saída núm. 5.789), mediante o que se lle solicita informe ao respecto dun problema de insalubridade que afecta ao edificio “Illas Atlánticas”, localizado no lugar de Insuela, Palmeira, por carecer presuntamente de conexión coa rede municipal de saneamento.

VISTO o Informe do Seprona, de data 9 de outubro de 2022, no que se da conta da inspección efectuada a raíz da denuncia formulada por Soledad Pérez-Abadín Barro na data do 16 de setembro de 2022 por vertidos e augas residuais no porto de Insuela procedentes da Urbanización Illas Atlánticas, e se pon en coñecemento do Concello por tratarse dun asunto de competencia municipal.

VISTO o informe emitido por Cristina Casas, Xefa de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de outubro de 2022, achegado mediante escrito desa mesma data (entrada núm. 19.529), no que se dá resposta á solicitude de informe efectuada polo Concello de Ribeira e, concretamente, no relativo á acometida de saneamento do Edificio Illas Atlánticas, expón que non conta na actualidade con acometida de saneamento á rede municipal.

VISTA a resolución adoptada pola Alcaldía deste Concello, de data 17 de outubro de 2022, mediante a que se lle require á Comunidade de Propietarios do Edificio Illas Atlánticas, localizado no núm. 14 do lugar de Insuela, Palmeira, en calidade de responsable dos elementos e servizos comúns da finca localizada no lugar de Insuela, núm. 14 (A,B,C e D), Palmeira, Ribeira, para que nun prazo de un (1) mes, a contar dende a data de notificación do acordo, proceda a iniciar os trámites de solicitude de acometida ante a oficina da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.). Notificación á Comunidade de Propietarios con saída núm. 6.055, practicada na data do 18 de outubro de 2022. Notificación a María Soledad Pérez-Abadín Barro, con saída núm. 6.053, practicada na data do 21 de outubro de 2022. Notificación a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A., con saída núm. 6.054, practicada na data do 18 de outubro de 2022.

VISTO o escrito remitido polo Concello a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 25 de novembro de 2022 (saída núm. 7.181), mediante o que se lle solicita informe sobre a situación de tramitación da solicitude de conexión da urbanización e, de ser o caso, dos prazos previstos para emisión de informe de



valoración.

VISTO o Informe emitido por Guzmán Palacios Rosete, en calidade de Xefe de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 29 de novembro de 2022, achegado mediante escrito desa mesma data (entrada núm. 23.004), no que se significa que ata a data de emisión non se realizou ningún trámite respecto ao asunto por parte da Comunidade de Propietarios do Edificio Illas Atlánticas.

VISTO O escrito asinado e presentado por Manuel Francisco Martín García (**8063**), letrado, actuando en nome e representación de María Soledad Pérez-Abadín Barro, de data 29 de novembro de 2022, achegado mediante solicitude desa mesma data (entrada núm. 23.005), mediante o que fai alegacións ao requirimento efectuado á Comunidade de Propietarios.

VISTO o escrito remitido polo Concello a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 9 de decembro de 2022 (saída núm. 7.518), mediante o que se lle solicita o exame das alegacións presentadas no expediente por Manuel Francisco Martín García, en representación de María Soledad Pérez-Abadín Barro, de data 29 de novembro de 2022 (entrada núm. 23.005), e informe ao respecto do contido das mesmas.

VISTO o Informe emitido por Guzmán Palacios Rosete, en calidade de Xefe de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 22 de decembro de 2022, achegado mediante escrito desa mesma data (entrada núm. 24.699).

CONSIDERANDO as seguintes:

1. Consideracións legais e/ou técnicas:

- No lugar onde se localiza a edificación existe rede de saneamento a menos de 50 metros.
- A solución ao problema posto de manifesto pasa pola execución dunha acometida de saneamento para o edificio, nas condicións xerais sinaladas pola empresa concesionaria do servizo no informe emitido en data 10 de outubro de 2022, e nas específicas que sinalen no estudio técnico da solicitude de acometida (aínda non tramitada).
- O artigo 5 da *Ordenanza de Verteduras e do Servizo Municipal de Saneamento do Concello de Ribeira* (en adiante *Ordenanza de Verteduras*) establece o seguinte: “1. *Inclúense no ámbito desta ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o Artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas. (...)*”
- O artigo 8 da *Ordenanza de Verteduras* establece o seguinte: “*Artigo 8. Usuarios suxeitos. / 1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro. (...)*”
- O artigo 9 da *Ordenanza de Verteduras* establece o seguinte: “*Artigo 9. Obriga de conexión á rede municipal de saneamento. / 1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado*



polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. / (...) 4. A acometida a rede municipal de saneamento definida no Artigo 4.1 terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do permiso de acometida conforme o disposto no Artigo 12 e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do ANEXO VIII. Correspóndenlles aos usuarios as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable ao mesmo. (...)”

- O artigo 28.5. da Ordenanza de verteduras establece o seguinte ao referirse ás infraccións leves: “(...)
 - b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas nesta ordenanza. / (...) h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros. / (...) k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo. / (...) m) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta ordenanza ou a omisión dos actos á que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves. (...)”
- De conformidade co previsto no artigo 28.5.h) da Ordenanza de Verteduras, “as accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros” está tipificado como infracción leve, podendo sancionarse con multas de ata 15.000,00 euros.

2. Análise das alegacións:

“Primera.- Que tal y como consta en el expediente de referencia, mi representada, Dña. María Soledad Pérez – Abadín Barro, es propietaria de un apartamento en la Urbanización Illas Atlánticas, núm. 14, portal D, 1º D, del Lugar de Insuela , Palmeira, CP: 15959, Ribeira (A Coruña).”

Observacións/análise: non procede.

“Segunda.- En fecha 8 de agosto de 2022, se presentó escrito por mi representada por Correo certificado (coincidente en contenido con el aportado junto a la documentación unida por el Seprona, Reg. Entrada 202219678) en el cual se puso en conocimiento de esa Administración Local la inadecuada evacuación de las aguas de la referida urbanización, y por ende, la falta de conexión de dichas aguas a la red de saneamiento municipal. En aras de la brevedad, se da por reproducido el mencionado escrito.”

Observacións/análise: non procede.

“Tercera.- Que tales hechos se han puesto en conocimiento del Seprona, habiendo sido comprobado por el referido Cuerpo Armado la existencia de lo manifestado por esta parte, siendo comunicado el atestado confeccionado a ese Concello el 17 de octubre de 2022 (Reg. Entrada 202219967).”



Observacións/análise:

Consta incorporado ao expediente administrativo de referencia 2022AUGA000038 informe emitido pola Patrulla do Seprona, Compañía de Noia, de data 9 de outubro de 2022, achegado mediante oficio de data 11 de outubro de 2022 (entrada núm. 19.678), no que se refire a inspección efectuada polos axentes a raíz da denuncia presentada por María Soledad Pérez-Abadín Barro.

“Cuarta.- Que por medio de este despacho de abogados, se ha procedido en fecha 25 de los corrientes al examen del Expediente Administrativo, entre otros, núm. 297 del año 2005, instruido a instancia de Grupo Inmobiliario Eira, S.,L., sobre “Acometida de Agua e Desagüe en Insuela – Palmeira”, relacionado con la licencia de Obras 403/06. En el referido expediente se han verificado los siguientes documentos, que se entienden trascendentales para la solución del conflicto que ocupa el presente expediente, que son:
a.- Fax con registro de entrada 5607 del 17/03/2005, por el que la entidad promotora acompaña el recibo bancario de ingreso para la solicitud de los suministros sobre el polígono 29 del Lugar de Insuela

– Palmeira – Ribeira. Adjunto a dicho Fax, consta plano de situación señalando el lugar de conexión, así como el justificante bancario de pago de 701,04 euros a favor de ese Concello.

b.- Liquidación provisional con concepto: Acometida de agua y alcantarillado, emitido a Grupo Inmobiliario Eira, S.L., solicitando “acometida de agua y alcantarillado”, y práctica de la liquidación por ambos conceptos conforme a la Ordenanza Fiscal en vigor. Dicha liquidación data del 15/03/2005, y se reproduce, para mejor ilustración, a continuación: (...)

c.- Consta la comunicación para informe con ocasión de la solicitud de acometida de agua y saneamiento, tanto a la Oficina Técnica (Reg. Salida 4899 del 29/03/2005) como a la concesionaria - Aquagest, S.A.- (Reg. Salida 4900, del 29/03/2005). Por tanto, de dichos documentos resulta que en cumplimiento del entonces vigente Reglamento de servicio de vertidos á rede de sumidoiros, e uso desta do Concello de Ribeira (Boletín Nº 254, Mércores, 6 de novembro de 2002), la entidad promotora procedió a solicitar y liquidar de forma provisional las Tasas de acometida de alcantarillado.”

Observacións/análise:

No ano 2005 a Ordenanza Fiscal núm. 8, Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Saneamento establecía no seu artigo 5º o seguinte: “1.- A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros exixirase por unha soa vez, e consistirá na cantidade fixa de 302,17 euros por unidade de conexión para vivendas unifamiliares. No caso de vivendas plurifamiliares, ademais da cantidade anterior, por cada vivenda ou local independente en exceso satisfacerase unha cota adicional de 48,20 euros. (...)”

“Quinta.- Se han comprobado diversos hitos del Expediente Administrativo en el que se confirma la asunción por el Concello de Ribeira de la conformidad de la obra y el cumplimiento de las Ordenanzas de Saneamiento, que le hacen acreedor de responsabilidad para con sus administrados, entre los que se encuentra mi representada e incluso la Comunidad de Propietarios requerida al efecto de proceder a la conexión del saneamiento. Así:

a.- tal y como consta en el Expediente Administrativo de la licencia núm. 403/2006, la entidad promotora en fecha 3 de agosto de 2006 obtuvo licencia de Obras para la construcción de un Edificio de 43 apartamentos, visado el 27/12/2005, parcela A,



subparcela 1, Polígono 29.

b.- En fecha 13 de julio de 2006, se procedió por la Junta de Gobierno Local a la aprobación del

proyecto de Urbanización del PERI Polígono 29 (Insuela – Palmeira), promovido por el Grupo Inmobiliario Eira. En el referido acuerdo, se hace constar en referencia al informe emitido por el Ingeniero Municipal de fecha 11 de julio de 2006, que: “Deberá instalarse un sistema separativo, de tal modo que la red de pluviales deberá ser conducida hacia el mar, con el objeto de no enviar un caudal de agua excesivo al bombeo del saneamiento existente en la zona”. La entidad promotora depositó en garantía de la ejecución de las obras de urbanización, un aval del 20% del valor de las mismas, emitido por La Caixa -AVAL núm. 9340.03.0782689-37- (Reg. Entrada 3874 del 22/02/2007).

c.- En fecha 18/01/2007, la Junta de Gobierno Local aprueba el proyecto de ejecución del mencionado edificio, visado el 11/12/2006.

d.- El 4 de noviembre de 2010, (Reg. Entrada 15.476), la empresa promotora solicita la licencia de 1ª ocupación del edificio de 43 apartamentos, presentando diversa documentación.

e.- La Junta de Gobierno Local del Concello de Ribeira, concedió licencia de 1ª ocupación al indicado edificio de 43 apartamentos en el Lugar de Insuela (Pol. 29) – Palmeira, en fecha 10 de marzo de 2011, emitiéndose Recibo 2011-307178, liquidando, entre otros conceptos, los adicionales agua y alcantarillado para cada una de las 43 viviendas construidas.

f.- En fecha 21/12/2010, la entidad promotora solicitó la devolución del aval depositado para garantizar la ejecución de las obras de urbanización (Reg. Entrada 17910 del 21/12/2010).

g.- En fecha 14 de abril de 2011 (Reg. Salida 4675 del 09/05/2011) se acuerda la devolución del aval a la entidad promotora, hasta un 88% del mismo, por estar pendiente de ejecución un 12% de las obras del proyecto de urbanización, según el informe técnico emitido por la ingeniera municipal, Dña. Uxía Landeira Pereira, de fecha 14/04/2011. Dicha circunstancia se hace constar asimismo en el acuerdo de recepción de las obras de urbanización y espacios públicos del Polígono 29 de Insuela – Palmeira (parcela B, parcela C y viales), que constan en el informe técnico de 25/02/2011 y jurídico de 10/03/2011 obrantes en el expediente. Se llama la atención en que la zona donde debería constar la conexión al saneamiento municipal está dentro de la urbanización recepcionada por el Concello.

En definitiva, tanto por la recepción de la urbanización, como por la liquidación y cobro de la liquidación de saneamiento, así como por la concesión de la licencia de 1ª ocupación, es evidente que la conexión con la red de saneamiento municipal es un hecho inequívoco del que el Concello de Ribeira debe responder. Cabe recordar que la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa de Saneamiento, (art. 5, Cota Tributaria), indica que: “Acometida á rede xeral municipal: A cota tributaria polo outorgamento de licenza ou autorización para a acometida á rede xeral de saneamento coincidirá co importe do presuposto da obra presentado pola empresa concesionaria e aprobada polo órgano competente da Administración Municipal, previo informe do técnico competente. Estes presupostos deberán confeccionarse de acordo co cadro de prezos que deber á ser aprobado previamente pola Xunta de Goberno Local.” Es decir, que cobrado dicho concepto, quien debería haber ejecutado la conexión al saneamiento es la empresa concesionaria, y responde de ello el Concello de Ribeira por tratarse de un ingreso público, por el que ya no sólo cobró desde la liquidación del enganche, sino también por el servicio de saneamiento, que a todas luces no viene prestando.

Observación/análisis alegación cuarta e quinta:



A continuación reproducése, para mellor ilustración, o contido do informe emitido por Viaqua en relación co contido das alegacións presentadas:

(...)

REFERENCIA:	GPR – INF 12 – Exp. 2022AUGA000038
DATA:	09/12/2022
SOLICITANTE:	Concello de Ribeira
ASUNTO:	SOLICITUDE DE INFORME ALEGACIONES PRESENTADAS A EXPEDIENTE DE REQUIRIMENTO DE CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EDIF. ILLAS ATLANTICAS – INSUELA – RIBEIRA.
INFORMA	
En referencia ó asunto mencionado, se procedio á revisión da documentación achegada, observando o seguinte:	
<ul style="list-style-type: none"> Las tasas aboadas corresponden o seguinte <ul style="list-style-type: none"> ARTIGO 6.- Devengo. <p>1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, enténdese iniciada a devandita actividade para as novas acometidas, dende o momento de solicitar a preceptiva licenza municipal, ou dende a data en que debeu solicitarse, de omitirse este trámite.</p> <p>2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras o residuais, e a súa depuración, teñen carácter obrigatoria para tódalas fincas do Municipio, que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que existan redes de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros, e devengarase a taxa dende que exista a acometida á rede municipal ou , aínda que os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede municipal, cando así o dispoña unha resolución municipal ó efecto.</p> en ningún momento foi pagado o importe da realización das acometidas necesarias para a conexión á rede de saneamento. por parte dos abonados da urbanización non se esta abonando o servizo de saneamento, estan abonando a taxa de saneamento. 	

No escrito de alegacións achégase copia da liquidación provisional de data 15 de marzo de 2005, no que consta, en calidade de contribuínte, o Grupo Inmobiliario Eira S.L. Así, a promotora da edificación demostra que si efectuou o pago da cantidade fixa por unidade de conexión prevista como cota tributaria na Ordenanza Fiscal núm. 18, reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento do ano 2005, que ascendeu ao importe de 302,17 € (IVE non incluído). Sen embargo, non consta nesa liquidación a cota adicional por cada vivenda ou local independente, que ascendería naquela data ao importe de 48,20 € por unidade. Cómpre salientar que, ao tratarse dun edificio de vivendas, o concepto da cota adicional pola taxa pola acometida de sumidoiros ten relevancia xa que no presente caso o importe resultaría moito máis elevado.

O procedemento mediante o que se efectuaban as acometidas de saneamento entre o ano 2005 (data da liquidación provisional) e o inicio da prestación do novo Contrato Administrativo para a Xestión, mediante Concesión Administrativa, dos Servizos Públicos de Abastecemento de auga Potable e Saneamento do Concello de Ribeira, asinado en data 30 de xullo de 2010, consistía basicamente no seguinte:

- *Solicitud de acometida de saneamento.*
- *Liquidación dos conceptos previstos en Ordenanza Fiscal.*
- *Emisión de informe técnico por parte dos servizos técnicos da empresa concesionaria, naquel momento Aquagest, S.A. reflectindo a viabilidade da conexión e o importe dos traballos necesarios.*
- *Aprobación do gasto, que asumía o Concello, se a distancia á rede era inferior a 30 metros.*

Efectuada consulta na documentación obrante no Arquivo Municipal en relación coa



Licenza urbanística núm. 818/07 (expediente de urbanismo núm. 301/07), para acometida de desaugue e auga, expediente instruído a instancia de Inversiones Grupo Promoeira S.L., mediante solicitude efectuada por Fernando Couto Tourón, de data 21 de marzo de 2007 (entrada núm. 6.017), compróbase que consta liquidación provisional polos conceptos de conexión de auga e conexión de sumidoiros. No informe técnico emitido pola empresa concesionaria, Aquagest S.A. , de data 16 de xullo de 2007, conclúese que NON É POSIBLE EFECTUAR A ACOMETIDA Á REDE DE SANEAMENTO, debido á cantidade de vivendas previstas, 110, que farían preciso modificar as EBARS existentes en Insuela e en Río Azor. A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 20 de setembro de 2007, acordou conceder licenza municipal para a realización da obra “acometida de auga” á promotora, Inversiones Grupo Promoeira S.L., Licenza urbanística núm. 818/07. Na liquidación definitiva referida ao aboado provisional de data 21 de marzo de 2007 polos conceptos de acometida de auga e de desaugue acórdase a devolución da parte correspondente á acometida de desaugue.

Efectuada consulta na documentación obrante no Arquivo Municipal en relación coa Licenza de 1ª utilización núm. 8/11 (expediente de urbanismo núm. 653/10), compróbase que consta unha liquidación definitiva, de data 11 de marzo de 2011, coa denominación “Taxa 43 adicionais de sumidoiro” a 55,20 €/unidade segundo a Ordenanza Fiscal B.1.14 en vigor” por un importe nese concepto de 2.373,60 €, o que corresponde coas 43 vivendas para as que se solicitou licenza de primeira ocupación parcial. Nesta liquidación consta como contribuínte Inversiones Grupo Promoeira S.L. Revisado o expediente de obra apréciase que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 5 de outubro de 2006, adoptou o acordo de proceder ao cambio de titularidade da documentación correspondente ao proxecto de Urbanización do Plan Especial de Reforma Interior do Polígono núm. 29, ao proxecto básico de 22 vivendas e ao proxecto básico de 43 apartamentos do citado polígono, do grupo Inmobiliario Eira S.L. á entidade Inversiones Grupo Promoeira S.L.

Atendendo ao exposto constátase que dende os Servizos Económicos do Concello se procedeu ás seguintes liquidacións en relación co saneamento:

Suxeito	Data	Concepto	Importe (IVE incluído)
Grupo Inmobiliario Eira S.L.	15/03/2005	Taxa por acometida de sumidoiros	350,52 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	21/03/2007	Taxa por acometida de sumidoiros	374,03 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	16/01/2008	Acometida desaugue	-374,03 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	10/03/2010	Taxas adicionais sumidoiro (43 apartamentos)	2.753,38 €

Entre a documentación consultada e a aportada no escrito de alegacións non consta acordo favorable do Concello ao respecto da acometida solicitada. De feito, no informe técnico emitido pola empresa concesionaria ao respecto da solicitude de conexión de sumidoiros efectuada por Inversiones Grupo Promoeira S.L. mediante escrito de data 21 de marzo de 2007 (entrada núm. 6.017) constan observacións ao respecto da realización das acometidas, como a necesidade de modificar as EBAR de Insuela e Río Azor. Cómpre estimar os seguintes feitos:

- O informe emitido por Aquagest S.A., de data 4 de abril de 2007, recollía a imposibilidade de



realizar a acometida de saneamento atendendo á cantidade de vivendas que se prevían conectar, 110, o que obrigaría a modificar as EBARs de Insuela e Río Azor.

- Na data do 10 de marzo de 2010 efectuouse a liquidación definitiva das taxas adicionais de sumidoiros en relación co expediente de outorgamento de licenza de primeira ocupación parcial dun edificio de 43 apartamentos.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data do 10 de marzo de 2011, acordou conceder a Inversiones Grupo Promoeira S.L. licenza de primeira ocupación parcial dun edificio de 43 apartamentos, segundo licenza de obras núm. 403/07.

“Sexta.- El artículo 72 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, indica: “Concentración de trámites. 1. De acuerdo con el principio de simplificación administrativa, se acordarán en un solo acto todos los trámites que, por su naturaleza, admitan un impulso simultáneo y no sea obligado su cumplimiento sucesivo. 2. Al solicitar los trámites que deban ser cumplidos por otros órganos, deberá consignarse en la comunicación cursada el plazo legal establecido al efecto”. Pues bien, resulta que no se confiere plazo alguno a VIAQUA para aclarar lo sucedido con la conexión en su día liquidada, cobrada y no ejecutada.

Asimismo, el artículo 71 de dicho texto legal regula el impulso de los expedientes administrativos. El artículo 4.1.b de la Ley 39/2015 otorga a mi representada la condición de interesada en el expediente, ya no sólo del presente (el cual se origina por la denuncia al Seprona y el escrito presentado por Registro), sino en aquel en el que el Concello adopte la decisión procedente de ejecutar la conexión a la red de saneamiento de forma directa y a su cargo, pues por los antecedentes mencionados, es evidente que es lo procedente, y no cargar a los vecinos con tal obligación, la cual ya debía de estar cumplida antes del otorgamiento de la licencia de 1ª ocupación, lo cual de forma evidente genera responsabilidad de la Administración a la cual me dirijo.”

Observación/análise:

Este Concello remitiu un escrito a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 9 de decembro de 2022 (saída núm. 7.518), mediante o que lle solicitou o exame das alegacións presentadas no expediente por Manuel Francisco Martín García, en representación de María Soledad Pérez-Abadín Barro, de data 29 de novembro de 2022 (entrada núm. 23.005), e informe ao respecto do contido das mesmas, outorgándolle un prazo para a súa emisión.

DISCUSIÓN:

Se ben non consta nos expedientes consultados un informe favorable final da empresa concesionaria do saneamento, Aquagest, S.A., é innegable o feito de que o Concello liquidou as taxas correspondentes á acometida de saneamento (2005 e 2010). O procedemento seguido para a realización da acometida antes da entrada en vigor da actual concesión difería do actual, sendo o Concello responsable de executar a acometida, por medio da empresa concesionaria, unha vez liquidadas as taxas, sempre que existise un informe favorable dos servizos técnicos da empresa concesionaria, co visto e prace do servizo técnico municipal de obras, e posterior acordo do órgano municipal competente. Adoece o expediente de licenza de primeira ocupación parcial dun informe adicional aclaratorio da empresa concesionaria para dilucidar se, ao reducirse o número de vivendas a conectar, a capacidade dos bombeos sería suficiente. Porén,



FIRMANTE - FECHA



examinado o informe emitido por Cristina Casas, Xefa de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de outubro de 2022, achegado mediante escrito desa mesma data (entrada núm. 19.529), dedúcese que actualmente existe unha opción viable para a conexión facendo unha acometida directa á rede de sumidoiros municipal por gravidade, sendo necesario un cruzamento de estrada, quedando un tramo da rede de saneamento actual da urbanización fóra de servizo completamente, non referindo problemas de capacidade de bombeo nas EBARs de Insuela e Río Azor.

Por canto antecede, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, Juan manuel Salguero del Valle, de data 28/04/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conclusión:

A efectos prácticos, co ánimo de resolver definitivamente a situación actual de insalubridade motivada polos vertidos de augas residuais do edificio, sen prexuízo de consideracións técnicas ou xurídicas a realizar por outros servizos municipais que deban informar de forma previa á resolución do expediente, existiría a opción de que o propio Concello asuma a execución da obra de conexión á rede de sumidoiros do edificio de 43 apartamentos a cargo das taxas cobradas nas liquidacións efectuadas nos conceptos de “acometida” e “adicionais”, costeando, de ser o caso, o importe adicional necesario para a execución final dos traballos.

Os traballos poderían ser executados pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua S.A.U., de conformidade co presuposto achegado a petición do Técnico Municipal de Medio Ambiente, de referencia P059-23, de data 9 de febreiro de 2023, cuxo importe ascende a 3.968,25 € (IVE incluído).

Resumo de taxas abonadas en materia de sumidoiros e balance de custes de execución da acometida:

SUXEITO	DATA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
Grupo Inmobiliario Eira S.L.	15/03/2005	Taxa por acometida de sumidoiros	350,52 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	21/03/2007	Taxa por acometida de sumidoiros	374,03 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	16/01/2008	Acometida desaugue	-374,03 €
Inversiones Grupo Promoeira S.L.	10/03/2010	Taxa adicionais sumidoiro (43 apartamentos)	2.753,38 €
TOTAL			3.103,90 €
Importe da acometida a realizar segundo presuposto emitido por Viaqua S.A.U. de data 09/02/2023			3.968,25 €
Importe adicional a sufragar polo Concello:			864,35 €



15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FEIRA DE OPORTUNIDADES “VIAMARE STOCK” - Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 27/04/2023, relativa á solicitude presentada pola Asociación de Empresarios de Ribeira para a celebración da Feira de Oportunidades “Viamare Stock”, os días 12, 13, e 14 de agosto de 2023, na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “Feira Viamare”os días 11, 12 e 13 de agosto no Malecón de Ribeira.
- Autorizar a montaxe e desmontaxe das estruturas desde o 7 de agosto ao 14 de agosto
- Autorizar a colocación carteis de estrada e pancartas para promocionar o evento.
- Solicitar no seu nome (Asociación de Empresarios de Ribeira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.200 m2 no Malecón de Ribeira (preto de capitanía) para colocar haimas de 5 x 5 cada unha delas (nº aproximado de haimas entre 19 e 23, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Ribeira).
- Aumentar o servizo de limpeza na zona con reforzo de contenedores de plástico e papel; así como reforzo policial.
- Reforzo policial na zona.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local

16.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: CURSO DE FRAUTA MAIO 2023

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 26/04/2023, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto “Curso de Fruta Maio 2023”.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/04/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

		ALUMNADO	DURACIÓN	PREZO
MODELO 1		ATA LÍMITE DE HORAS	60 MIN.	58,00 €
MODELO 2	Alumnado do Cmus de Ribeira	10	60 MIN.	50,00 €
OINTES				15,00 €

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Ribeira “Enrique Paisal”).



O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

17.- SOLICITUDE ADOPCIÓN DE SOLUCIÓN A PROBLEMAS DE ENTRADA/SAÍDA A GARAXE – Manuel Sampedro García

Visto o escrito presentado por **Manuel Sampedro García**, de data 25/04/2023 (Rexistro de entrada nº 10.265), no que solicita unha solución aos problemas de entrada/saída ao seu garaxe debido a unha praza de estacionamento ao seu carón, situado na Rúa Mestre Sans Ortega, nº 61 (Aguíño).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/05/2023, no que sinala:

“En relación con el escrito arriba referenciado para la solución de problemas de su vado permanente en la calle Mestre Sans de Aguíño, se informa:

Que personado en el lugar arriba reseñado y conversación mantenida con el solicitante, tras aportarle varias soluciones el solicitante decide que se deje sin efecto esta solicitud, que baraja la posibilidad de cambiar la entrada al garaje mediante la realización de obras y de esta manera facilitar el acceso al mismo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda** aceptar o desistimento da solicitude de referencia (segundo consta no informe policial) e proceder ao arquivo do expediente.

18.- INSTALACIÓN DE SINAL VERTICAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR – José Tomé González

Visto o escrito presentado por **José Tomé González en representación do veciños da Mamoa**, de data 28/04/2023 (Rexistro de entrada nº 10.643), no que solicita a instalación de sinal de prohibido estacionar na rúa de San Paio, coñecida como rúa de Laxes, por ser moi estreita e dificulta a circulación de vehículos.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/05/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación dun sinal vertical de estacionamento prohibido a ambos lados do sinal (R-308f) no lugar da Mamoa, segundo o sinalado no citado informe policial.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha”, de data 28/04/2023 (Rexistro de entrada nº 10.679), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 6 de maio de 2023, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento



hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 6 de maio de 2023, **nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de “Bar Aloha” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), **deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: **“O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”**
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de



inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



20.- COMPRAVENDA DE TERREO PARA UNIÓN RÚA JUAN SEBASTIÁN ELCANO- PRAZA DE ESPAÑA-

Visto o expediente de referencia e

Considerando que é necesario para este Municipio proceder á adquisición do seguinte ben, propiedade de D. JUAN PEGO, Documento de Identidade X0****94-D:

“terreo de unhas dúas concas u ochenta centiáreas”

Considerando que o ben adquirido destinarase a unir a Praza de España coa Rúa Juan Sebastián Elcano o que sen dúbida recae en beneficio do interese xeral:

Vista a proposta da Alcaldía de data 04/05/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, resolve a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento para a adquisición directa do ben descrito nos antecedentes.

SEGUNDO. Establecese o prezo da compra en SEIS MIL € (6.000 € IVE engadido).

TERCEIRO Que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

CUARTO. Dar conta de todo o actuado a esta Xunta de Goberno Local para acordar o que proceda.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:55 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

